



1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: Ría de Viveiro. Municipios: Viveiro e Xove. Parroquias: San Xiao de Faro, Santiago de Celeiro, Santa María e Santiago de Viveiro, Santa María de Magazos, Santa María de Galdó, San Cibrao de Viveiro e San Xoán de Covas (Viveiro); San Miguel da Rigueira (Xove).
Extensión: 19,96 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Trátase do fondo da ría de Viveiro, unidade de esteiro na que o carácter morfolóxico máis evidente é a ampla extensión de marismas e chairas intermareais, ademais da acumulación de importantes depósitos areosos como a frecha de Covas. A orixe da ría de Viveiro é, principalmente, de tipo tectónico, así que o afundimento do bloque central permitiu o anegamento do aparato fluvial antigo e o seu forte encaixamento entre aliñacións montañosas laterais e distais. Así, a chaira do Landro ten contactos moi bruscos coas serras da Silvarosa polo oeste e San Roque e Buio polo leste, citando tamén o gran desenvolvemento vertical do Penedo Gordo no fondo da ría. En todo caso, as diferenzas litolóxicas axudan tamén no modelado e contraste topográfico existente entre os diferentes corpos elevados e deprimidos do ámbito da ría.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Existe unha banda de granodioritas e tonalitas orientadas, pertencentes ao dominio herciniano, enmarcando o esteiro polo E, dende Celeiro a Magazos. Cuarzitas, xistos e neises precámbricos migmatizados no fondo do esteiro e a súa marxe esquerda. Unha sucesión de bandas do dominio Olla de Sapo na parte occidental. De E a O unha banda ancha de filitas e xistos silúricos ao pé das elevacións montañosas que enmarcan a ría polo O; unha banda estreita de cuarzitas silúricas; un sector máis amplo no que se modelan filitas ordovícicas e entre as cales hai un par de estreitas bandas de cuarzitas ordovícicas en bancos continuos; e no extremo máis occidental con filitas do ordovícico inferior. No extremo oriental aparece a unidade de cuarzitas, xistos e neises migmatizados. No NE, entre O Pé de Boi e o monte O Castelo, aflora granito herciniano de dúas micas. A cobertura sedimentaria cuaternaria é ampla, con depósitos de praia e dunares, de marisma e aluviais, ligados ao val do Landro.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

A presenza de elevacións montañosas que superan os 500 m introduce variacións no ambiente climático Cálido e Seco que caracteriza a maior parte da unidade. Así, as temperaturas medias anuais polo xeral superan os 14°C pero son un pouco máis frescas a medida que nos afastamos do val principal do río Landro. As precipitacións aumentan progresivamente do val cara ás cabeceiras e liña de cumios chegando a alcanzar unha media de 1200-1400 mm nas cotas máis elevadas da unidade situadas xa nun ambiente Temperado e Húmido.

OS SOLOS

O esteiro presenta solos sobre sedimentos cuaternarios do tipo arenoso albeo no extremo oriental da praia de Covas, e do tipo fluvisol tónico e sálico nas áreas de marisma. As chairas aluviais próximas ao leito do Landro presentan os fértiles solos de veiga, fluvisoles hápticos, que reciben achegas das ladeiras contiguas xeralmente ocupadas por cambisoles dísticos na vertente oriental e eútricos na occidental. Na parte alta da cunca desenvólvense solos pouco evolucionados do tipo umbrisol e regosol. Finalmente os antrosoles úrbicos ocupan o ámbito dos núcleos de Celeiro e Viveiro.


AS AUGAS

A rede fluvial artícuase ao redor de dous ríos de desigual importancia. Ao norte da unidade localízase a pequena cunca do Rego do Monte que discorre en direcciónE-O ata desembocar no Porto de Celeiro e que desauga na masa de Augas Costeiras da Ría de Viveiro (20107). Ao sur esténdese o curso baixo do Río Landro que configura un amplo val e esteiro na desembocadura e ao que conflúen unha serie de arrosos entre os que destacan os de Trasposta, Fontecova e Silvarosa este último pola súa marxe esquerda. O Landro verte na masa de Augas de Transición 20467 cuxo límite norte se sitúa preto de Punta Sacido.

O PATRIMONIO NATURAL

Da ponte do tren ao interior, intermareal e fluvial pertencente ao LIC Río Landro. Na fronte, a praia e dunas de Covas achegan o grupo 21 de hábitats, dunas marítimas atlánticas. No esteiro desenvólvense extensas áreas dos hábitats de bancos areosos e lamacentos intermareais e submareais superficiais (1110 e 1140); ademais do grupo 13 de marismas. No continente reconécense interesantes masas de ribeira (91E0), especialmente no río Landro e, en menor medida, no Rego da Silvarosa. Tamén se desenvolven algunhas masas de certo tamaño de masas de frondosas autóctonas non ripícolas como a do Portal, que se achega ás 3 ha. Tamén é posible distinguir algunhas formacións mixtas destacables na parroquia de Magazos. Pero o tipo de masas que alcanzan máis extensión son as de recolonización, abundantes no fondo do esteiro, entre Celeiro e Viveiro, e en áreas de cultivo próximas ao trazado do tren en Celeiro. Citas do taxon vulnerable protexido *Limonium dodartii*.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

O uso que máis superficie ocupa no conxunto da unidade é o forestal, procedente de labores de repoboación. Localízase, fundamentalmente, sobre as pendentes que descenden cara á Ría de Viveiro procedentes dos relevos que pechan polo E e O da unidade. Aínda así, é o uso residencial o que caracteriza este territorio debido á influencia de dous núcleos de poboación emerxentes e a súa área periférica (Viveiro-Celeiro), ambos os dous núcleos de identidade litoral, dispostos na marxe dereita do esteiro do Río Landro e vinculados ao porto pesqueiro e deportivo que se localiza nas inmediacións da súa desembocadura. Os espazos de cultivo, que tradicionalmente ocuparían a fértil veiga fluvial do Landro, viron reducida a súa superficie en favor do crecemento de edificacións impulsado polo binomio Viveiro-Celeiro, co que a superficie útil para o cultivo queda circunscrita aos tramos inferiores das cuncas laterais subsidiarias do río principal e á cabeceira do esteiro do Landro.

MORFOLOXÍA

A maior parte dos asentamentos localizados sobre a unidade teñen unha orixe fundacional apoiada nunha longa tradición portuaria, non obstante, o crecemento experimentado na periferia de Viveiro está a modificar parcialmente as características orixinais. O crecemento de edificación nos núcleos impón novas tipoloxías propias de espazos urbanos con bloques lineais de altura variable que substitúen edificacións existentes ou ben ocupan espazos anexos ao núcleo orixinal. O ámbito periférico está constituído polos asentamentos tradicionais próximos absorbidos polo continuo urbano, ou ben por novas edificacións que responden ao modelo de vivenda unifamiliar que poden aparecer illadas ou ben formando pequenas agrupacións residenciais. Nos sectores máis afastados da desembocadura do Río Landro, a influencia urbana diminúe, co que é posible atopar asentamentos de carácter tradicional pouco ou nada modificados vinculados ao seu espazo de cultivo.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

As tres infraestruturas máis destacadas son: o ferrocarril de FEVE, a estrada N-642 e os portos de Celeiro e Viveiro. A liña de FEVE, atravesada a unidade de E a O, por detrás do núcleo urbano de Viveiro. O trazado da estrada N-642 é similar ao de FEVE pero máis próximo ao litoral. Da estrada N-642 parten outras tres de carácter provincial: a LU-6613, que dende Viveiro leva ao Alto de San Roque ao leste, a LU-540, que discorre cara ao sur pola marxe dereita do río Landro, e a LU-6601, que conecta a marxe esquerda da ría. Por outro lado, sinalar a importancia do novo porto pesqueiro e comercial de Celeiro, o máis importante da costa cantábrica galega, que substituíu o porto pesqueiro de Viveiro que na actualidade alberga un porto deportivo, así como o servizo marítimo da garda civil. No ámbito portuario de Celeiro atopa o heliporto Costa Norte, base dun dos helicópteros do servizo de gardacostas de Galicia.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Existen evidencias arqueolóxicas que poñen de manifesto a ocupación prerromana deste territorio, como os castros de Magazos e Celeiro. Ademais crese que Viveiro corresponde coa cidade romana de Flavia Lambris pero non existen documentos que o ratifiquen, non obstante, si se atoparon trazos dunha calzada que chega ata unha das portas da muralla defensiva da cidade (catalogada como patrimonio arqueolóxico). É nos s. XII e XIII cando se configura propiamente a vila de Viveiro cun desenvolvemento económico que se prolongou ao longo dos s. XIV e XV grazas ás actividades artesanais que albergaba. A partir do s. XVI, o crecemento de Viveiro está intimamente relacionado coa actividade pesqueira e comercial, ata que a finais do s. XIX, a raíña María Cristina outorgou o título de cidade. O casco antigo de Viveiro goza dun elevado interese patrimonial, destacando a praza de Santa María, declarada conxunto histórico-artístico, xunto aos Monumentos da muralla e as súas portas (de Carlos V, do Valado e do Cristo do Amparo) e outros relixiosos como o Convento de MM. Dominicas e o de Santiago coa súa igrexa parroquial, ademais doutros numerosos (máis de 80) elementos de interese patrimonial.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL


O carácter urbano desta peza vén determinado pola conurbación Viveiro-Celeiro-Viveiro-Celeiro-Covas (este último na unidade contigua cara ao O) e a súa área de expansión periférica, que concentra o maior volume poboacional da costa lucense con 16.000 hab. censados en 2008, aínda que, en época estival esta cifra pode chegar a triplicarse. Estes tres núcleos constitúen á súa vez áreas funcionais distintas: Viveiro, núcleo principal que concentra o maior volume de poboación, equipamentos e servizos do conxunto; Celeiro, antigo barrio de Viveiro, constitúe na actualidade un importante centro portuario comercial e pesqueiro; e Covas, ao outro lado da ría, que tradicionalmente foi unha área residencial e turística baseándose na súa localización fronte á praia homónima. A partir desta organización desenvólvese unha periferia que absorbeu os núcleos tradicionais adxacentes modificando a súa morfotopoxía e funcionalidade, aínda que os máis afastados aínda preservan o seu parcelario de cultivo e a base da súa actividade.

DINÁMICA DA PAISAXE**RISCOS E IMPACTOS**

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN**VALORACIÓN DA PAISAXE**

Esta unidade resulta moi significativa, pois é a orixe da Ría de Viveiro, a primeira das existentes dende o oriente galego que constitúen a denominada comarca das Rías Altas. Precisamente debido á existencia deste singular accidente xeográfico, que permitiu a coexistencia e abrigo de actividades residenciais, portuarias e turísticas, produciuse a secular ocupación deste territorio por parte do ser humano. Consecuencia desta ocupación son a multitude de elementos patrimoniais catalogados nos distintos asentamentos de orixe tradicional cuxo maior expoñente é o casco histórico de Viveiro, declarado como conxunto histórico-artístico na súa integridade. Hai que ter en conta a importancia deste conxunto urbano no contexto territorial sobre o que se asenta xa que del dependen boa parte das funcións e servizos do sector que lle rodea, moi vinculados ao ámbito costeiro e marítimo. Non en van os núcleos de Celeiro-Viveiro foron considerados como Núcleos de Identidade do Litoral. Á marxe do plano antrópico, o esteiro do Río Landro presenta un gran valor ambiental e así lle foi recoñecido mediante a declaración de LIC por parte da Directiva Hábitat e ZEPVN pola Lei galega de espazos protexidos (ata a ponte do ferrocarril). A importancia das súas augas, cargadas de sedimentos ricos en nutrientes, é un valor non visible pero si perceptible na tradicional riqueza marisqueira e piscícola da interface fluvio-mariña na que desauga o Río Landro. Ademais, parte dos relevos do sector oriental da unidade, están incluídos en LIC e ZEPVN de Monte Maior. Por último, sinalar a existencia dun miradoiro no Monte de San Roque (353 metros) ao oriente de Viveiro, ao cal se accede dende a mesma cidade pola estrada LU-6613 que empeza preto do cemiterio. Dende o alto dominase a cidade, a ría e o barrio de Covas. O 16 de agosto, festividade de San Roque, é costume dos viveirenses subir a pé ao monte de noite ou de madrugada e unha vez arriba oír a misa na ermida e almorzar chocolate con churros; a continuación e tras unha noite pasada en vela a, os mozos baixan durmir á praia de Covas.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:23.806

0 100 200 400 600 800
Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



